



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n – bloque 5 – 3º planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS PARA O IMPULSO E APOIO AO COMERCIO E A ARTESANÍA NO MARCO DO XACOBEO 2021.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Sol M<sup>a</sup> Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 10 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, para o financiamento dun convenio de colaboración para optimizar o aproveitamento de coñecementos dos que cada unha dispón sobre os aspectos administrativos, económicos e empresariais en relación coas actividades do sector comercial retalista e artesanal, coa finalidade do seu pulo e promoción, ofrecendo aos visitantes unha imaxe do comercio e da artesanía galegas de prestixio, o que redunda nun beneficio da sociedade e economía galegas en xeral por mor do Xacobeo 2021

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, aportará a cantidade de CIENTO CORENTA E CINCO MIL EUROS (145.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.640.1.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior. Xestiona o programa 751A e neste caso considera de interese realizar un proxecto, con motivo do vindeiro Xacobeo 2021, que comprenda varias actuacións de pulo e formación para os dous sectores anteditos nos últimos tramos dos Camiños de Santiago, apoiando un programa desenvolvido pola Cámara para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e exterior, comercial e artesan, e que incida no seu maior desenvolvemento.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Sol María Vázquez Abeal  
Directora xeral de Comercio e Consumo.  
(Asinado electronicamente)

